TOCA VIAXAR

Os distintos equipos do Numancia afrontarán este fin de semana unha nova xornada onde intentarán refrendar as boas sensacións da última xornada. Modestos, xuvenís, fútbol - 8 e biberóns viaxan; namentras que infantís e cadetes xogan en Ares. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Visitan na 19ª xornada de Liga a un rival directo como é o Ortigueira. O partido non se xogará no campo de herba natural de Morouzos (escenario habitual do equipo local) senón que se xogará en San Claudio; un campo estreito de herba artificial no que xogan os seus partidos os equipos de base do Ortigueira. Parece que o cambio de escenario favorece ó Numancia nun partido importante para consolidarse nas primeiras posicións da 2ª Autonómica. ¡¡¡¡A Marea Vermella ten que invadir Ortigueira este domingo¡¡¡ Toca viaxar (San Claudio está a 45 minutos). ¡¡¡¡Imos de excursión porque xuntos PODEMOS¡¡¡ Pasaremos lista o domingo as 16:15 en San Claudio.

XUVENÍS: Visitan na 21ª xornada de Liga a un dos equipos situados na zona alta da clasificación, o Portuarios. Os nosos xuvenís intentarán consolidar a boa traxectoria das últimas semanas no campo de Aneiros - Serantes o proximo sábado a partir das 16:30.

CADETES: Reciben na 9ª xornada de Liga a un dos equipos situados na zona baixa da clasificación, o Perlío. Non deben confiarse os nosos cadetes xa que nesta Liga tan igualada todos os equipos son difíciles. Agardemos unha vitoria dos cadetes o sábado a partir das 16:30 en Prados Vellos. ¡¡¡Non faltedes¡¡¡

INFANTÍS: Reciben na 9º xornada de Liga o Perlío. En teoría, será un partido igualado entre dous equipos que estan situados na zona baixa da clasificación. Non perdades este emocionante e intenso partido de infantís que se xogará en Prados Vellos o sábado a partir das 11:00. ¡¡¡Contamos co voso apoio¡¡¡

FÚTBOL - 8: Xornada incompleta para o fútbol - 8 numantino. Os prebenxamíns descansan por calendario. Os benxamíns viaxan o sábado ata A Capela para enfrotarse a partir das 12:40 o CD As Pontes no seu exilio de Os Calzados. Tamén viaxan e de que maneira os alevíns que xogan o venres a partir das 18:00 no Municipal de Cariño ante o equipo local.

BIBERÓNS: Disfrutarán dunha nova xornada do Torneo de Fútbol - 6 da AFACO o venres a partir das 17:45 no Pavillón de Neda ante o equipo local.

En resumo, agardanos unha xornada cun partido moi importante para os modestos. A Marea Vermella deberá facer un esforzo e acudir a Ortigueira para animar o noso equipo neste partido tan esixente. Os equipos de base intentarán seguir progresando e con boa saude.

¡¡¡Vémonos este fin de semana en San Claudio, Aneiros, Prados Vellos, Cariño, A Capela ou no pavillón de Neda.

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡